

Para recibir un mellor servizo, recomendacións

- Manteña os seus datos sempre actualizados.
- Cando acuda persoalmente a un servizo ou delegación de MUFACE para realizar calquera xestión debe estar acreditado. No caso de que sexa o seu representante quen a efectúe, levará unha autorización expresa.
- En caso de desprazamentos temporais ao estranxeiro en Europa, a Tarxeta Sanitaria Europea (TSE) axudarlle no caso de que necesite asistencia sanitaria. A TSE é un documento persoal e intransferible do que cada mutualista e os seus beneficiarios deberán dispoñer e que será válida durante dous anos (no caso dos mutualistas) e un ano (no caso dos seus beneficiarios).
- Facilite o seu correo electrónico e/ou teléfono móbil para unha comunicación máis inmediata no seu Servizo Provincial ou Oficina Delegada.
- Lembre que pode realizar a maioría dos trámites a través da páxina web da mutualidade, www.muface.es, e facendo clic no icono “sede electrónica”.

SERVIZOS CENTRAIS

Mutualidad General de Funcionarios Civiles del Estado
Pº Juan XXIII, 26 28040 Madrid

SERVIZOS PROVINCIAIS E OFICINAS DELEGADAS

As direccións e teléfonos dos Servizos Provinciais e das Oficinas Delegadas de MUFACE poden consultarse en:
<http://www.muface.es/content/servicios-provinciales-y-oficinas-delegadas>
Horario de atención ao público de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas

OFICINA DE INFORMACIÓN AO MUTUALISTA

Teléfonos de información: 912 739 950 y 912 734 999
(luns a xoves de 9 a 18 h):
venres de 9 a 14 h.
Horario de Verán
(do 16 de xuño ao 15 de setembro):
luns a xoves de 8:30 a 14:30;
venres de 9 a 14 h.



www.muface.es

NIPO 836-15-060-8

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE HACIENDA Y ADMINISTRACIONES PÚBLICAS
SECRETARÍA DE ESTADO DE ADMINISTRACIONES PÚBLICAS
muface

DEREITOS, DEBERES E RECOMENDACIÓN

Novembro 2015

Dereitos, deberes e recomendacións

Os seus DEREITOS

- A recibir asistencia sanitaria en toda España a través dos servizos médicos da entidade elixida, á prestación farmacéutica e complementarias, necesarias para conservar ou restablecer a súa saúde e a dos seus beneficiarios.
- En caso de incumprimento por parte da súa entidade, nalgún dos puntos do concerto, ao solicitar a asistencia, poderá reclamar ante MUFACE a defensa do seu dereito, de acordo co procedemento establecido no devandito concerto.
- A recibir asistencia sanitaria en desprazamentos temporais ao estranxeiro como consecuencia dun accidente, enfermidade, embarazo ou parto **xurdidos ou agravados de forma imprevista** durante a súa estancia no exterior.
- Á libre elección para a prestación da asistencia sanitaria entre o sistema sanitario público e as entidades de seguro de asis-

tencia sanitaria concertadas, podendo cambiar o servizo elixido durante o mes de xaneiro, cada ano, se así o desexa.

- A recibir unha atención personalizada, contactando coa Oficina de Información ao Mutualista, a través da páxina web **www.muface.es** ou a través das oficinas dos nosos Servizos Provinciais ou Oficinas Delegadas
- A incluír como beneficiarios ao seu cónxuxe, descendentes e ascendentes, sempre que non estean encadrados noutro réxime da Seguridade Social e cumpran todos os requisitos.
- A solicitar de MUFACE unha valoración das unidades médicas de seguimento dependentes do INSS, naquelas situacións de incapacidade temporal nas que se denegue a licenza por existir contradición entre o parte de baixa e o sentido do informe emitido polas unidades médicas do órgano de persoal.
- A acceder ao programa de axudas sociais previstas para situacións de especial necesidade.

Os seus DEBERES

- Manter en MUFACE os seus **datos** e os dos seus beneficiarios **sempre actualizados** –destino, domicilio, corpo de pertenc-

za...– Calquera variación dos mesmos deberá notificalo a MUFACE.

- A partir dos 14 anos é obrigatorio comunicar a MUFACE o DNI dos seus beneficiarios se non foi achegado con anterioridade. Lembre que os requisitos para posuír a condición de beneficiario son: **convivencia, dependencia económica e non ser titular nin beneficiario doutro dereito á asistencia sanitaria**. A condición de beneficiario extínuese no momento en que se incumpra calquera deles. Deberá notificalo a MUFACE para proceder á súa baixa.
- Debe utilizar os medios concertados que consten no catálogo de servizos da súa entidade, mesmo cando se precise atención urxente. Se por decisión propia ou dos seus familiares, utilizan medios non concertados coa súa entidade, deberán abonar, sen dereito a reintegro, os gastos que poidan ocasionarse, salvo nos supostos excepcionais previstos no concerto.
- O talonario de receitas é **persoal e intransferible** e está destinado ao uso do titular e os seus beneficiarios. Vostede como mutualista é o depositario do seu/s talonario/s de receitas, sendo o responsable da súa custodia e correcto uso.
- Para recibir asistencia sanitaria acudirá ao seu centro asistencial ou servizo médico debidamente acreditado e co seu talonario de receitas.